



FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO E AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR CURSO 2020-21

PRAZO ÚNICO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: ATA O 19 DE XUÑO DE 2020 (INCLUÍDO)

LEXISLACIÓN: ([Orde de 12 de maio de 2020. DOG do 19-05-2020](#))

1.- CUMPRIMENTACIÓN DA SOLICITUDE (Anexos I e II):

- Cubrindo o formulario normalizado na aplicación FONDOLIBROS: <https://www.edu.xunta.es/fondolibros>
- Descargando os impresos na páxina do centro (<http://www.edu.xunta.gal/centros/iescouto/>), no portal educativo (<http://www.edu.xunta.gal>), ou na Sede Electrónica da Xunta (<https://sede.xunta.gal/doc-invia/rest/anexos/13300466/>)
- En último caso, dadas as circunstancias actuais, solicitándoos no centro e cubrindo os datos requiridos.

2.- PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE:

- PRESENCIALMENTE: Os impresos (Anexos I e II), imprimidos na aplicación Fondolibro ou cubertos, poden presentarse asinados na Secretaría do centro, xunto coa documentación correspondente. (Ver punto 4)
- POR VÍA ELECTRÓNICA: Se cubriu o formulario na aplicación Fondolibros, pode presentala telematicamente, xunto coa documentación, na Sede Electrónica de Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>)

3.- NORMATIVA:

- A solicitude será presentada e asinada pola nai, o pai ou o/a titor/a legal do/a alumno/a.
- Presentarase unha única solicitude para todos os alumnos matriculados ou admiidos no mesmo centro.
- Consultaranse automaticamente os seguintes datos (se non se manifesta oposición) para o/a solicitante e para os demais membros computables da unidade familiar:
 - DNI ou NIE.
 - Declaración da renda (IRPF) do exercicio 2018 ou, na súa falta, o certificado tributario de imputacións.
 - Grao de discapacidade recoñecido pola Xunta de Galicia.
 - Percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez, ou de pensión de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade (equivalente a unha discapacidade igual ao 33 %).

Se algún membro da unidade familiar se opón a esta consulta, deberá indicalo no recadro correspondente da solicitude e achegar os documentos xustificativos.

4.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR: (ORIXINAL E COPIA)

- Anexos I e II
- LIBRO DE FAMILIA onde consten todos os membros computables a 31 de decembro de 2018.

Se non se dispón del ou este non reflecta a situación en 31 de decembro de 2018, poderán acreditar o número de membros mediante: 1º) Copia do libro de familia ou equivalente onde figuren todos os membros computables. 2º) Certificado ou volante de convivencia. 3º) Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.

- En caso de separación ou divorcio, achegar a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/a menor.
- Se é o caso, e para calquera membro da unidade familiar:
 - Certificado do grao de discapacidade recoñecida por órganos que non son da Xunta.
 - Documentación xustificativa de situación de violencia de xénero no ámbito familiar.
 - Resolución xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
 - Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou certificado do centro de menores, para o alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.
 - Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que o pai e a nai ou o titor o titores carezan de DNI e NIE.

En todo caso, os documentos deberán ser válidos e eficaces no momento da súa presentación, e reflectir a situación persoal, familiar e económica en 31 de decembro de 2018, agás no caso de violencia de xénero, en que se aplicará o disposto na lexislación específica.

PUBLICACIÓN DAS LISTAS PROVISIONAIS : 10 DE XULLO DE 2020

RECLAMACIÓNS AS LISTAS PROVISIONAIS: 13 E 14 DE XULLO DE 2020

PUBLICACIÓN DAS LISTAS DEFINITIVAS : Ata o 14 DE SETEMBRO DE 2020

NOTAS:

A falta de devolución da totalidade dos libros de texto recibidos do Fondo Solidario no mesmo estado no que lle foron entregados, sexan do curso inmediato anterior ou de calquera outro, será causa de exclusión da participación no fondo solidario e das axudas para adquirir material escolar no curso 2020/21.

O prazo de presentación de solicitudes é **ÚNICO para todo o alumnado**, independentemente de que supere ou non o curso nas convocatorias de xuño ou setembro.

Non haberá ningún outro prazo para presentar solicitudes de participación.

Nas listas provisionais unicamente se reflectirá o **número mínimo de libros** asignados a aquelas solicitudes que resulten admitidas. **A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional NON ASIGNARÁ OS LIBROS DE TEXTO AO ALUMNADO ATA A PUBLICACIÓN DAS LISTAXES DEFINITIVAS NO MES DE SETEMBRO DE 2020.**